

A palabra de hoxe é

Bandeira

A bandeira é un pano en forma de rectángulo dunha ou máis cores que se emprega como símbolo dun país ou que é sinal de algo.



Bandeira de Francia, o país das Olimpíadas 2024

A palabra de hoxe é

Medalla

Unha medalla é unha placa de metal cun pequeno aro para enganchala e unha figura ou unha inscrición gravadas que se lle concede a alguén para honralo por algún mérito.

As medallas olímpicas otórganse aos competidores exitosos en cada un dos Xogos Olímpicos. Hai 3 clases: ouro (1º), prata (2º) e bronce (3º).



A palabra de hoxe é

***Coroa de
loureiro***

Unha coroa de loureiro é unha peza de forma circular formada por follas de loureiro que se pon arredor da cabeza como sinal de honra.

A coroa de loureiro ou coroa triunfal entregábase como recompensa a poetas, deportistas e guerreiros na antiga Grecia e tamén en Roma. Nos nosos tempos segue mantendo o seu simbolismo.



A palabra de hoxe é

Cronómetro

O cronómetro é un reloxo especial para medir o tempo con gran precisión. Emprégase en moitas competicións deportivas e por suposto nos Xogos Olímpicos.



A palabra de hoxe é

Marcador

O marcador é un cadro onde se anota o nome dos participantes nun deporte e os puntos acumulados na competición.



Marcador nos Xogos Olímpicos